



Tarefa de Educación Física 5º.

Semana do 27-30 de Abril.

1. Esta semana a diferenza das semanas pasadas, vou deixarvos un documento word, para que completedes coa actividade física diaria que facedes e mo enviades durante o vindeiro fin de semana. Necesito que poñades o que realmente facedes. Pode ser a actividade física que vós queirades, ou as propostas que tendes dende aquí. Agora poderdes saír á rúa, polo que poderdes considerar ese momento de actividade tamén. Lembra de a importancia de cumprir coas medidas de seguridade.
2. Facede o **quecemento** como vós sabedes, tentando facelo ben, pois hoxe as articulacións van ter moita importancia na clase.
3. **Esta será a última semana que dedicaremos a Acrosport.**
 - a. **Fáltannos as letras G,H,J,K,M,P,Q** para completar o alfabeto do número 2. A ver se esta semana vos animades e podemos completalo.
 - b. Investigade en google e practicade aquelas figuras que vos resulten interesantes de 2,3,4 persoas, poderdes facelo en familia. Animádevos.
 - c. Se saídes á rúa aproveitade para pasear, correr, andar en patinete, bicicleta, xogar á pelota etc...
4. **Relaxación.** Pensade no tipo de relaxación que prepararíades para unha clase de Educación Física. Preparádeas antes, e practicalas aquí. Despois modifícade o que creades necesario e enviade en un word, pdf, por whasap, etc... a vosa relaxación. Compartirémola na web para que os vosos compañeiros poidan facer uso dela.
5. Moi bo traballo. Reto de esta semana conseguido. Non esquezas enviarnos fotos do teu bo traballo.